

Aínda que o proceso de adxudicación de prazas no sistema universitario de Galicia para o curso 2020/2021, segundo o calendario fixado pola Comisión interuniversitaria de Galicia (CIUG), non está rematado, compróbase que as titulacións relacionadas a continuación non teñen alumnado convocado. Co obxecto de non demorar a incorporación dos futuros estudantes, e tendo en conta que o apartado 2.11 da vixente convocatoria de admisión e matrícula nas ensinanzas de grao da Universidade de Vigo (R.R. do 29/05/2020) establece que as prazas non cubertas e sen lista de agarda poderán ofertarse polo procedemento de prazas sobrantes pola UVigo e polo que, publícase a primeira relación de vacantes:

CAMPUS DE OURENSE

Grao en Enxeñaría Agraria	33
Grao en Turismo	6

CAMPUS DE PONTEVEDRA

Grao en Enxeñaría Forestal	14
----------------------------------	----

CAMPUS DE VIGO

Grao en Administración e Dirección de Empresas (IESIDE-centro adscrito)	13
Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (presencial)	28
Grao en Enxeñaría da Enerxía	6
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	16
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	44
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías Industriais-Inglés	8
Grao en Tradución e Interpretación: Galego-Inglés	1

Segundo o establecido na mencionada convocatoria, as solicitudes presentaranse mediante o modelo A.2.11 que aparece no anexo V, xunto coa documentación indicada no apartado D.6 do anexo II e polos medios relacionados no apartado L.3 do anexo III.

O prazo de presentación permanecerá aberto, sempre que non se cubran as prazas ofertadas, ata o 30 de novembro e a asignación farase conforme a orde que se derive da data e hora asignada polo sistema electrónico no rexistro da Universidade de Vigo, con independencia do lugar, día e hora no que fose presentada segundo a Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Só cando se reciban máis solicitudes que prazas ofertadas para unha titulación ou cando alguén resulte excluído do proceso de selección, publicaranse listaxes provisionais de persoas admitidas, excluídas e en agarda informando nesa publicación, do procedemento de presentación de alegacións. En caso contrario para axilizar o proceso, a quen se lle poda conceder praza informaráselle dende o correo electrónico soporte.grao@uvigo.es, así como o período para a formalización da matrícula na unidade administrativa do centro correspondente.

As persoas no momento de formalizar a matrícula poden solicitar recoñecemento de créditos.

No momento no que o proceso de adxudicación de prazas no sistema universitario de Galicia para o curso 2020/2021 remate, de ser o caso, poderá publicarse unha segunda relación de vacantes e incorporarse algunha titulación á mesma.